

## CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE EMPREGO E IGUALDADE E A ASOCIACIÓN REDE DE MULLERES VECIÑAIS CONTRA OS MALOS TRATOS DE VIGO, PARA A O DESENVOLVEMENTO DE ACCIÓNS DE PREVENCIÓN DA VIOLENCIA DE XÉNERO E ATENCIÓN ÁS SÚAS VÍTIMAS.

### MEMORIA EXPLICATIVA

De conformidade co Decreto 215/2020, do 3 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Emprego e Igualdade, á Secretaría Xeral da Igualdade, como órgano superior da Administración autonómica en materia de igualdade, correspóndelle impulsar as actuacións conducentes á promoción da igualdade e á eliminación da discriminación entre mulleres e homes, así como á eliminación da violencia de xénero nos termos establecidos na Constitución, no Estatuto de autonomía de Galicia, no Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, na Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, e na demais lexislación aplicable na materia.

A Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, modificada pola Lei 12/2016, do 22 de xullo, dispón a adopción en Galicia de medidas integrais para a sensibilización, a prevención e o tratamento da violencia de xénero, así como a protección e o apoio ás mulleres que a sofren.

A Asociación Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos de Vigo ten entre os seus fins os de traballar na prevención e concienciación da violencia de xénero, desenvolvendo accións de información, formación, atención, apoio e acompañamento ás mulleres vítimas de malos tratos, e ás súas fillas e fillos



naquelas situacións en que o precisen, e impulsando a aplicación da perspectiva de xénero nas súas accións, así como ser interlocutora coa administración no referente á problemática da violencia de xénero. Esta Asociación desenvolve accións de información, formación, atención, apoio e acompañamento ás mulleres vítimas de malos tratos, e ás súas fillas e fillos, e promove a concienciación social fronte a violencia machista, impulsando actividades de mobilización social.

A Consellería de Emprego e Igualdade, a través da Secretaría Xeral da Igualdade ten as competencias en materia de loita contra a violencia de xénero, estima oportuno asinar un convenio de colaboración coa Asociación Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos de Vigo para o financiamento das accións sinaladas, cuxo obxectivo prioritario é reforzar o apoio social ás vítimas de violencia de xénero con accións de difícil encaixe nos servizos públicos, a través de persoal voluntario e con formación específica que, de xeito gratuíto para as persoas usuarias deste programa, realizan o acompañamento das vítimas no proceso de concienciación e ruptura cos malos tratos, así como durante o desenvolvemento das causas xudiciais, o acceso á rede galega de acollemento ou os procesos de entrega e recollida dos e das menores nos Puntos de Encontro Familiar determinados en cada caso.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

A secretaria xeral da Igualdade

Susana López Abella

